VI PREMIO EDITORIAL
DE FOTOGRAFÍA DOCUMENTAL GALEGA

Tras o éxito das cinco primeiras edicións, desde a Asociación Recreativo Cultural Acolá abrimos unha nova convocatoria do noso *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega*, grazas ao apoio da Fundación MOP.

Por sexto ano consecutivo, queremos apoiar e promocionar o traballo de fotógrafas, fotógrafos e colectivos con vinculación a Galicia, achegando as ferramentas e o acompañamento necesarios para facer posible a publicación das súas obras en formato libro.

Coincidindo coa décima edición de FFoco. Festival de Fotografía da Coruña, que se celebrará na Fundación Luis Seoane entre os meses de outubro e decembro de 2026, presentamos a sexta edición desta convocatoria, que busca **potenciar a creación e produción de novos fotolibros e fomentar as interaccións entre fotógrafas, fotógrafos e profesionais vinculados ao ámbito da edición**.

Os proxectos gañadores das cinco primeiras edicións do Premio —*Orixe ou cando a marea baixa*, de Ana Paes; *Entre as augas*, de Ana Núñez Rodríguez; *MAN*, do colectivo Cadela Negra; *Entidade Singular*, de Iván Nespereira; e *Os días que foron*, de Jesús García— forman xa parte do catálogo editorial do Premio ou, no caso do último, atópase actualmente en proceso de publicación.

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Quen pode participar?

Poden participar fotógrafas, fotógrafos e colectivos que estean desenvolvendo un traballo con vinculación a Galicia, xa sexa por razóns autorais ou temáticas.

Poderán presentarse persoas ou colectivos que cumpran, polo menos, unha das seguintes condicións: ter nacido en Galicia, residir en Galicia ou presentar un proxecto centrado ou vinculado temática ou conceptualmente a Galicia.

A temática é libre, pero **buscamos traballos documentais orixinais e inéditos**, entendendo como tales aqueles proxectos que non fosen publicados previamente en formato libro nin teñan comprometida a súa edición con terceiros. A presentación previa do proxecto en exposicións, revistas, publicacións dixitais ou redes sociais non impedirá necesariamente a participación, sempre que a persoa ou colectivo participante conserve os dereitos necesarios para a súa edición en formato libro.

A persoa ou colectivo participante deberá ser titular dos dereitos de propiedade intelectual das fotografías presentadas ou contar cos dereitos necesarios para a súa utilización e edición.

Así mesmo, será responsabilidade exclusiva das persoas participantes dispoñer, cando sexa necesario, das autorizacións ou permisos correspondentes para a utilización das imaxes nas que aparezan persoas ou outros elementos suxeitos a dereitos de terceiros.

As persoas participantes serán as únicas responsables ante calquera reclamación de terceiros relacionada cos dereitos de autor, dereitos de imaxe ou calquera outro dereito que puidese verse afectado polo contido dos proxectos presentados, exonerando a Asociación Recreativo Cultural Acolá e o resto de persoas e entidades vinculadas á convocatoria de calquera responsabilidade derivada destas reclamacións.

2. Como participar?

As persoas interesadas deberán enviar, nun único documento PDF de 20 MB como máximo, o seu **ensaio ou maqueta —unha serie de entre 30 e 60 fotografías—**, acompañado da seguinte información:

- Breve descrición do proxecto (máximo 300 palabras).
- Breve biografía da autora, autor ou colectivo participante (máximo 300 palabras).
- Datos de contacto: nome e apelidos ou nome do colectivo, correo electrónico e teléfono.

Os proxectos deberán enviarse ao enderezo **documentalgalega@gmail.com.**

O prazo de recepción de proxectos estará aberto desde o **martes 15 de setembro ata o domingo 18 de outubro de 2026, ás 23:59 horas (hora peninsular española)**.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das presentes bases.

Non é necesario presentar maquetas físicas nin proxectos completamente pechados ou preparados para a súa publicación. Ao contrario: **a proposta do Premio parte precisamente da vontade de acompañar os proxectos e contribuír a que adquiran un novo valor ao adoptar a forma de libro**.

Un xurado independente, composto por profesionais vinculados ao ámbito da edición e representantes de diferentes editoriais de referencia, seleccionará ata un máximo de **oito proxectos finalistas**. De entre eles, o xurado escollerá un único proxecto gañador, atendendo, entre outros criterios, á súa calidade técnica, orixinalidade, capacidade narrativa, coherencia do proxecto e viabilidade editorial.

A composición do xurado farase pública xunto coa resolución do Premio.

A decisión do xurado será inapelable.

3. Que obtén a persoa ou colectivo gañador?

Gañar o *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega* supón a publicación do proxecto gañador cunha editorial galega de referencia. Nesta sexta edición, a publicación realizarase novamente co selo **Alauda Negra**.

- Acolá asumirá os gastos derivados do proceso editorial e de produción do libro, incluíndo, entre outros, a edición e selección de imaxes, dirección e deseño editorial, maquetación, fotomecánica ou preparación para imprenta, selección de papeis, produción, impresión e distribución final da publicación, sen que ningunha destas fases supoña un custo para a persoa ou colectivo gañador.

- Ademais, a persoa ou colectivo gañador percibirá por parte de Acolá **mil euros (1.000 €)** en concepto de remuneración polos dereitos de autor derivados da edición do proxecto, nos termos que se establezan no correspondente contrato editorial.

A publicación do proxecto desenvolverase de maneira coordinada entre Acolá, a editorial e a persoa ou colectivo gañador, establecendo de común acordo os tempos necesarios para o desenvolvemento do proceso editorial e de produción.

Pola súa banda, a persoa ou colectivo gañador comprométese a facilitar á organización as imaxes do proxecto en alta calidade e nas condicións técnicas necesarias para a súa reprodución —recomendablemente en formato TIFF, cun ancho mínimo de 30 cm e 300 dpi—, así como a formalizar o correspondente contrato editorial.

Mediante este contrato estableceranse as condicións específicas de cesión dos dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública necesarios para a edición, promoción e distribución do libro, así como a súa duración e ámbito territorial.

En ningún caso a participación nesta convocatoria nin a condición de finalista ou gañador implicará a cesión dos dereitos morais ou da titularidade dos dereitos patrimoniais sobre o proxecto máis alá dos usos expresamente establecidos no correspondente contrato editorial.

Os dereitos dos proxectos non gañadores permanecerán integramente nas mans das súas autoras, autores ou colectivos, sen que a súa participación na convocatoria implique ningunha cesión de dereitos a Acolá.

Acolá poderá comunicar publicamente o nome e o proxecto das persoas ou colectivos finalistas e gañadores exclusivamente para fins informativos e de promoción do Premio e das actividades vinculadas a el.

4. Quen organiza o Premio Editorial de Fotografía Documental Galega?

O *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega* é unha iniciativa impulsada pola **Asociación Recreativo Cultural Acolá**, entidade sen ánimo de lucro debidamente inscrita no Rexistro da Xunta de Galicia.

Acolá desenvolve diferentes iniciativas destinadas a poñer en valor o traballo de fotógrafas e fotógrafos, fortalecer o tecido artístico e cultural local e dinamizar a vida cultural da Coruña. Entre os seus proxectos atópase FFoco. Festival de Fotografía da Coruña, que en 2026 celebra a súa décima edición.

A organización desta convocatoria é posible grazas ao apoio da **Fundación MOP (Fundación Marta Ortega Pérez)**, que desde a súa creación en 2022 centra a súa actividade arredor da celebración de exposicións e proxectos de primeiro nivel e estrutura a súa actividade sobre tres eixos: A Coruña, a fotografía e a moda. A Fundación MOP financia íntegramente o VI Premio Editorial de Fotografía Documental Galega.

5. Como protexemos os teus datos?

En cumprimento da normativa aplicable en materia de protección de datos persoais e, en particular, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á súa libre circulación, informamos as persoas participantes de que os datos facilitados a través do enderezo documentalgalega@gmail.com serán tratados para xestionar a súa participación no *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega*.

Responsable do tratamento: Asociación Recreativo Cultural Acolá, organizadora do *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega*.

Finalidade: xestionar a participación na convocatoria, incluíndo a recepción e valoración dos proxectos, a comunicación coas persoas participantes e a difusión pública dos proxectos finalistas e gañadores nos termos establecidos nestas bases.

Base xurídica: o consentimento da persoa interesada e, cando corresponda, a aplicación das condicións derivadas da participación na convocatoria.

Destinatarios: os datos serán tratados pola Asociación Recreativo Cultural Acolá e, cando sexa necesario para a correcta organización e desenvolvemento do Premio, polas persoas ou entidades que colaboren na súa xestión, de acordo coa normativa aplicable.

As persoas participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, cando corresponda, portabilidade dos seus datos, mediante solicitude dirixida á Asociación Recreativo Cultural Acolá a través do correo electrónico documentalgalega@gmail.com.

Así mesmo, a persoa interesada ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) se considera que o tratamento dos seus datos non se axusta á normativa vixente.

6. Aceptación das bases

A participación no *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega* implica a aceptación íntegra das presentes bases.

Acolá resérvase o dereito de interpretar as condicións da convocatoria e resolver aquelas cuestións que non estean expresamente previstas nestas bases, sempre de acordo coa normativa aplicable.

As presentes bases están dispoñibles para consulta pública na web de FFoco. Festival de Fotografía da Coruña: www.ffocofestival.gal.